

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i 2019-2020

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

COMPARECEN

(...), conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en adiante CONSELLERÍA), nomeada mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185 do 27 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

(...), reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia (en adiante SUG) son entidades que forman parte do sector público institucional que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configuran como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

En Galicia a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas

universitarias correspondentes á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, de estrutura orgánica da Consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa posta en valor no marco do sistema de innovación e, particularmente, a promoción e coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

Compre polo tanto afrontar un conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Con cargo ós orzamentos de investigación da Consellería, cada ano iníciase accións encamiñadas a financiar a investigación universitaria, xa sexa mediante convocatorias de concorrencia competitiva ou convenios de colaboración.

En consecuencia, a Consellería vén negociando coas Universidades do SUG, a sinatura de convenios de colaboración, co fin de apoiar as súas estratexias de investigación. Estes convenios establécense en función das necesidades e peculiaridades específicas de cada unha delas, podendo ter carácter anual ou plurianual, dependendo das propias características das actividades financiadas ou das necesidades conxunturais de cada universidade.

Polo tanto, as actuacións en I+D+i que se recollen nos distintos convenios responden a finalidades concretas e diferenciadas, aínda que algunhas destas accións poidan dar continuidade a outras xa iniciadas con anterioridade.

QUINTO.- Que H2020 é a estratexia de especialización da Unión Europea para facer fronte á crise e acadar unha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de

altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Nesta estratexia destácase o papel fundamental da investigación e da innovación na preparación da Unión Europea ante os desafíos futuros e sinala cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

A estratexia Europa 2020 considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor da excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade, centrando o investimento nos principais problemas comúns de todos os europeos, como o cambio climático e a competitividade da enerxía renovable ou os desafíos dunha poboación cada vez máis envellecida.

SEXTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co seu Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SÉTIMO.- Que para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica, para elo a Universidade de Santiago presenta unha proposta para desenvolver accións de mellora en diferentes aspectos e a partir da situación actual a Consellería considera necesario impulsar accións de ordenación, estruturación e potenciación da investigación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

O orzamento será de 4.510.771,00 €, coas actuacións que se resumen no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS		2019	2020	Total
1. MANTEMENTO E RENOVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNICAS				
1.1 RIAIDT	Xestión documental ISO 9001	10.000,00		10.000,00
	Software microplásticos RAMAN	7.000,00		7.000,00
	Subministración e instalación Láser Confocal CIMUS	68.000,00		68.000,00
	Equipo Mili-Q subministro auga pura (Campus Lugo)	5.000,00		5.000,00
	Instalación recirculadores auga (Campus Lugo)	2.870,00		2.870,00
	Xestión substancias perigosas (Campus Lugo)	54.856,00		54.856,00
	Renovación compresor aire seco (Campus Lugo)	8.500,00		8.500,00
	Módulo transxénicos (Campus Lugo)	25.619,00		25.619,00
	Software LIMS e servidores		60.000,00	60.000,00
	Actualización microscopio TEM		40.000,00	40.000,00
1.2. CIMUS	Adquisición Cell Sorter	180.000,00		180.000,00
	Cabinas de fluxo		20.000,00	20.000,00
	Incubadores CO2		20.000,00	20.000,00
	Microscopio		30.000,00	30.000,00
	Centrifugas		12.000,00	12.000,00
	Equipo CPR		20.000,00	20.000,00
	Congelador -80°C		8.000,00	8.000,00
	Rotor		20.000,00	20.000,00
1.3 CIQUS	Equipamento laboratorios	150.000,00		150.000,00
	Equipo de micro-ITC		115.000,00	115.000,00
	Instalac. novos equipos e seguridade		15.000,00	15.000,00
1.4 CITIUS	Equipamento informático invest.	44.000,00		44.000,00
	Equipamento informático invest.		50.000,00	50.000,00
1.5 IGFAE	Tier3 LIGO e interc. Tier2 e Tier 3	141.554,00		141.554,00
	Tier3 LIGO e interc. Tier2 e Tier 3		130.000,00	130.000,00
1.6 Infraestruturas	Equipamiento Científico FEDER	524.102,00	630.899,00	1.155.001,00
1.7 Observatorio	Telescopio Meade 16"	31.000,00		31.000,00
1.8. Radiofísica	Actualización acelerador Rof Codina	45.000,00		45.000,00
1.9 Fac. Medicina	Lab. Simulación Médica	200.000,00		200.000,00
1.10 Fac. Óptica	Lab. Servizos Optometría	10.000,00		10.000,00
SUBTOTAL 1		1.507.501,00	1.170.899,00	2.678.400,00
2. ACCIÓNS CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN				
Bolsas de verán		40.000,00	40.000,00	80.000,00
Vídeos promocionais centros		40.000,00		40.000,00
Programa de portas abertas		40.000,00	40.000,00	80.000,00
Reforzo do Programa de Centros de Investigación		188.053,00	125.369,00	313.422,00
Master (CIQUS)		7.500,00	7.500,00	15.000,00
SUBTOTAL 2		315.553,00	212.869,00	528.422,00

3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE APOIO Á I+D				
Congresos, reunións científicas e política lingüística		40.000,00	35.000,00	75.000,00
Axuda publicacións Q1 en aberto		35.000,00	35.000,00	70.000,00
Apoio BUGALICIA		36.000,00		36.000,00
Feiras Internacionais		4.000,00		4.000,00
Selo HRS4R		15.000,00	30.000,00	45.000,00
SUBTOTAL 3		130.000,00	100.000,00	230.000,00
4. FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL DA I+D EN MATEMÁTICAS				
Apoio funcionamento do ITMATI		50.000,00		50.000,00
Definición estratéxica Centro en Matemáticas		20.000,00		20.000,00
SUBTOTAL 4		70.000,00		70.000,00
5. PROGRAMA DE APOIO Á REDE CRUSOE				
Apoio á Secretaría Executiva Rede CRUSOE		75.000,00		75.000,00
SUBTOTAL 5		75.000,00		75.000,00
6. PROGRAMA DE APOIO A PROFESORES/INVESTIGADORES EMÉRITOS				
Incentivación á participación accións difusión da USC		15.000,00	15.000,00	30.000,00
SUBTOTAL 6		15.000,00	15.000,00	30.000,00
7. IMPULSO AGRUPACIÓN INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES				
Investigación e focalización		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Posicionamento e visibilidade		20.000,00	20.000,00	40.000,00
Proxección Científica e Internacional		10.000,00	10.000,00	20.000,00
Proxecto GEOPARD (Dpto. Xeografía)		40.000,00	40.000,00	80.000,00
SUBTOTAL 7		90.000,00	90.000,00	180.000,00
8. COMPLEXO FONTÁN				
Programa complexo edificio FONTÁN		30.000,00	55.000,00	85.000,00
SUBTOTAL 8		30.000,00	55.000,00	85.000,00
9. ACCIÓN ESTRATÉXICA 1				
Identificación retos/oportunidades Campus Cidadanía		30.000,00	30.000,00	60.000,00
SUBTOTAL 9		30.000,00	30.000,00	60.000,00
10. ACCIÓN ESTRATÉXICA 2				
Campus de Lugo	Modelos simulación veterinaria	40.405,00	21.345,00	61.750,00
	Material experimentación animal	12.000,00		12.000,00
	Asesoría Campus Especialización	10.000,00		10.000,00
	Candidatura Work Programme 18/20	4.000,00		4.000,00
	XuvenCiencia 2019	15.000,00		15.000,00
	Achega Rof Codina	80.000,00		80.000,00
	Grao Robótica. Laboratorios	232.000,00		232.000,00
SUBTOTAL 10		393.405,00	21.345,00	414.750,00
11. ACCIÓN ESTRATÉXICA 3				
Accións grao Biotecnoloxía. Laboratorio		60.000,00		60.000,00
Acondicionamento servizos comunidade universitaria		99.199,00		99.199,00
SUBTOTAL 11		159.199,00		159.199,00
TOTAL FINAL		2.815.658,00	1.695.113,00	4.510.771,00

SEGUNDA.- Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración en I+D (11) coa Universidade de Santiago de Compostela para o período 2019-2020, tal e como se detallan a continuación:

1. MANTEMENTO /RENOVACIÓN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TÉCNICAS

Esta achega distribuirase:

1. MANTEMENTO E RENOVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICO-TECNICAS				
		2019	2020	Total
1.1 RIAIDT	Xestión documental ISO 9001	10.000,00		10.000,00
	Software microplásticos RAMAN	7.000,00		7.000,00
	Subministración e instalación Láser Confocal CIMUS	68.000,00		68.000,00
	Equipo Mili-Q subministro auga pura (Campus Lugo)	5.000,00		5.000,00
	Instalación recirculadores auga (Campus Lugo)	2.870,00		2.870,00
	Xestión substancias perigosas (Campus Lugo)	54.856,00		54.856,00
	Renovación compresor aire seco (Campus Lugo)	8.500,00		8.500,00
	Módulo transxénicos (Campus Lugo)	25.619,00		25.619,00
	Software LIMS e servidores		60.000,00	60.000,00
	Actualización microscopio TEM		40.000,00	40.000,00
1.2. CIMUS	Adquisición Cell Sorter	180.000,00		180.000,00
	Cabinas de fluxo		20.000,00	20.000,00
	Incubadores CO2		20.000,00	20.000,00
	Microscopio		30.000,00	30.000,00
	Centrífugas		12.000,00	12.000,00
	Equipo CPR		20.000,00	20.000,00
	Congelador -80°C		8.000,00	8.000,00
	Rotor		20.000,00	20.000,00
1.3 CIQUS	Equipamento laboratorios	150.000,00		150.000,00
	Equipo de micro-ITC		115.000,00	115.000,00
	Instalac. novos equipos e seguridade		15.000,00	15.000,00
1.4 CITIUS	Equipamento informático invest.	44.000,00		44.000,00
	Equipamento informático invest.		50.000,00	50.000,00

1.5 IGFAE	Tier3 LIGO e interc. Tier2 e Tier 3	141.554,00		141.554,00
	Tier3 LIGO e interc. Tier2 e Tier 3		130.000,00	130.000,00
1.6 Infraestruturas	Equipamiento Científico FEDER	524.102,00	630.899,00	1.155.001,00
1.7 Observatorio	Telescopio Meade 16"	31.000,00		31.000,00
1.8. Radiofísica	Actualización acelerador Rof Codina	45.000,00		45.000,00
1.9 Fac. Medicina	Lab. Simulación Médica	200.000,00		200.000,00
1.10 Fac. Óptica	Lab. Servizos Optometría	10.000,00		10.000,00
SUBTOTAL 1		1.507.501,00	1.170.899,00	2.678.400,00

1.1. RIAIDT (Rede Infraestruturas Científico-Técnicas)

As actuacións principais, repartidas para as anualidades 2019 e 2020, están orientadas á actualización e mellora de infraestruturas e equipamentos de uso común, á renovación dalgún equipamento ou a reparacións e pequenos acondicionamentos para servizos da Rede de Infraestruturas Científico Técnicas (RIAIDT) e dos centros singulares de Investigación ou de interese xeral da USC.

1.2 CIMUS (Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas)

No edificio CIMUS financiarase en 2019 a adquisición dun Cell Sorter que permitirá a posta en execución dun proxecto financiado por unha convocatoria SINERGY na que participa o CIMUS con outros investigadores de Francia e Alemaña. Os tres grupos de investigación deben empregar o mesmo Cell Sorter para que os resultados obtidos sexan homologables, polo que o citado equipo conta cunha tecnoloxía exclusiva consensuada polos tres grupos.

Na anualidade 2020, os investimentos previstos están destinados a reforzar o equipamento dos laboratorios de cultivos actualmente moi saturados pola demanda de distintas liñas de investigación activas. Tamén se renovarán os equipos máis obsoletos como cabinas de fluxo, incubadores de CO₂, centrifugas, rotores, conxelador, microscopio óptico e Equipo PCR.

1.3 CIQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares)

O desenvolvemento da actividade investigadora do CIQUS esixe o uso cotiá de equipamento e instrumental de apoio (xestión de uso compartido), que precisa mantemento, ampliación de capacidades e, nalgúns casos, renovación. Entre as actuacións que se abordarán na anualidade 2019 están: contrato de mantemento de microscopio confocal; Autosampler para Bruker 500 MHz (sistema de xestión de mostras), e Caixa Seca (manipulación e atmosfera inerte).

Complementariamente, para o exercicio 2020 a contía irá destinada a investimentos asociados ao equipamento instrumental de apoio como é o Equipo de micro-ITC (isothermal titration microcalorimetry), que permite estudar as constantes de afinidade e os parámetros termodinámicos asociados ás interaccións moleculares. Tamen se procederá á adaptación de espazos e mellora das condicións de seguridade.

1.4. CITIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes)

Para o desenvolvemento de diferentes proxectos de I+D no CITIUS priorízase en 2019 a adquisición dun clúster de computación de altas prestacións para experimentación a nivel de configuración hardware.

Na anualidade 2020 os gastos previstos están dirixidos a complementar a infraestrutura informática do clúster de computación proposto.

1.5. IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías)

A maior parte da actividade do IGFAE, centro avalado pola concesión da axuda María de Maeztu, céntrase na participación en colaboracións experimentais en grandes infraestruturas internacionais, sendo de vital importancia a capacidade técnica dos seus laboratorios. O plan para os próximos anos supón a posta en marcha dun novo programa de investigación en ondas gravitacionais e participación na colaboración científica internacional LIGO. A Consellería colaborará nas anualidades 2019 e 2020, no financiamento da instalación dun Tier 3 para a colaboración LIGO en ondas gravitacionais e melloras na intercomunicación do CPD (Tier 2 e Tier 3).

1.6. Infraestruturas. Equipamento científico-tecnolóxico FEDER

Esta acción aplícase ao cofinanciamento da achega económica que a USC necesita para afrontar o custo total dos investimentos subvencionados concedidos nominalmente pola *Resolución da Secretaría de Estado de Universidades, Investigación, Desenvolvemento e Innovación e Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se conceden axudas correspondentes á convocatoria de adquisición de equipamento científico-técnico correspondente ao ano 2018, correspondentes ao subprograma estatal de infraestruturas de investigación e equipamento científico-técnico, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020* (<https://sede.micinn.gob.es>).

A Consellería comprométese a financiar a parte do investimento (20% do custo financiable) que debe afrontar cada Universidade en relación ás actuacións subvencionadas segundo o indicado na devandita Resolución, coa seguinte desagregación:

Infraestruturas	Referencia proxecto	Coste financiable	Ayuda FEDER concedida	Cofinanciamento Xunta
Equipamento análise mostras	EQC2018-005024-P	575.000,00 €	460.000,00 €	115.000,00 €
Equipamento espectrometría masas alta resolución	EQC2018-004173-P	500.000,00 €	400.000,00 €	100.000,00 €
Microscopio electrónico de Barrido de emisión campo	EQC2018-005297-P	690.000,00 €	552.000,00 €	138.000,00 €
Microtomógrafo computerizado Raios X	EQC2018-005118-P	377.000,00 €	301.600,00 €	75.400,00 €
Equipamento unidade análise instrumental da RIAIDT	EQC2018-004348-P	278.407,00 €	222.725,60 €	55.681,40 €
Infraestrutura produtos laminados madeira	EQC2018-004773-P	647.110,00 €	517.688,00 €	129.422,00 €
Equipo cromatografía de gases con detector masas	EQC2018-005288-P	107.153,62 €	85.722,90 €	21.430,72 €
Equipo espectroscopía gamma alta resolución	EQC2018-004994-P	121.548,00 €	97.238,40 €	24.309,60 €
Laboratorio microelectrónica física y astrofísica	EQC2018-004932-P	376.828,70 €	301.462,96 €	75.365,74 €
Taller alta precisión instrumentación IGFAE	EQC2018-004931-P	105.079,42 €	84.063,54 €	21.015,88 €
Espectrómetro de Masas Atómica LA-IPC-MS	EQC2018-005222-P	325.758,46 €	260.606,77 €	65.151,69 €
Separación multidimensional 2D-LC	EQC2018-005299-P	260.000,00 €	208.000,00 €	52.000,00 €
Adquisición datos hiperespectrales y lidar	EQC2018-005069-P	353.772,00 €	283.017,60 €	70.754,40 €
Recirculación acuicultura cultivo mejillones agua dulce	EQC2018-004313-P	130.020,00 €	104.016,00 €	26.004,00 €
Monitor Multigás fotoacústico	EQC2018-004853-P	115.500,00 €	92.400,00 €	23.100,00 €
Espectrometría masa alta sensibilidad	EQC2018-004898-P	398.500,00 €	318.800,00 €	79.700,00 €
Equipo cromatografía de gases espectrometría masas	EQC2018-005011-P	295.000,00 €	236.000,00 €	59.000,00 €
Clúster de grupos de investigación en matemáticas	EQC2018-005334-P	118.324,96 €	94.659,97 €	23.664,99 €
TOTAL		5.775.002,16 €	4.620.001,74 €	1.155.000,42 €

Esta achega distribuírse (redondeo da cantidade total) :

2019	2020	TOTAL
524.102,00	630.899,00	1.155.001,00

1.7. Observatorio Astronómico *Ramón M^a Aller*

Trátase da adquisición en 2019 dun Telescopio Meade 16" destinado ao Observatorio Astronómico *Ramón María Aller*, que substituirá ao telescopio Celestrón 14", mercado en 1987. Esta adquisición faise necesaria polo incremento das actividades do Observatorio tanto en investigación e docencia como en divulgación (prácticas de alumnado, programa de divulgación TODOCOSMOS, etc).

1.8. Lab. Radiofísica

Esta acción está destinada á actualización, en 2019, do Acelerador Lineal para radioterapia (Fundación Rof Codina).

1.9. Facultade de Medicina

Trátase completar na anualidade 2019 a dotación do Laboratorio de Simulación Médica asociado á Facultade de Medicina cuxas instalacións se iniciaron co Convenio de novas accións en I+D do ano 2018. A súa finalidade é proporcionar formación médica baseada

na simulación, reproducindo situacións reais con pacientes dunha forma guiada e controlada. A USC e a área sanitaria de Santiago de Compostela terán unha única área de simulación médica avanzada, o que obrigará a atender a moito alumnado con niveis de formación diversa.

1.10. Facultade de Óptica

Dotación en 2019 de equipos de laboratorio (cámara digital, check screening, etc) necesarios como garantía de maior calidade no desenvolvemento da docencia das materias clínicas do Grao en Óptica e Optometría e tamén do Máster en Optometría.

2. ACCIÓNS CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN

Esta achega distribuirase:

2. ACCIÓNS CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN			
	2019	2020	Total
Bolsas de verán	40.000,00	40.000,00	80.000,00
Vídeos promocionais centros	40.000,00		40.000,00
Programa de portas abertas	40.000,00	40.000,00	80.000,00
Reforzo do Programa de Centros de Investigación	188.053,00	125.369,00	313.422,00
Máster (CIQUS)	7.500,00	7.500,00	15.000,00
SUBTOTAL 2	315.553,00	212.869,00	528.422,00

i. Programa de Bolsas de verán; Vídeos promocionais dos centros e Programa de Portas Abertas

Estes programas teñen como obxectivo aumentar a visibilidade e proxección social dos Centros Singulares de Investigación da USC, así como fomentar a súa capacidade de atracción de talento. A dotación económica destinarase ao cofinanciamento de varios programas que se desenvolverán no CIQUS, CIMUS, CITIUS e IGFAE.

O programa de bolsas de verán, con difusión nacional e internacional, ofrece unha primeira experiencia investigadora aos mellores estudantes das titulacións tematicamente relacionadas coa actividade científica dos centros.

ii. Reforzo do programa de Centros de Investigación

Esta acción ten como finalidade complementar o financiamento daqueles centros acreditados beneficiarios da convocatoria 2016-2019 das *Axudas para acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema Universitario de Galicia* (DOG núm 164, do 31

de agosto de 2016). O obxectivo prioritario é o financiamento dos custos do persoal financiado por este programa entre o remate desta convocatoria e o comezo da nova, en fase de tramitación.

Na Universidade de Santiago de Compostela, o custo estimado dos gastos nos centros de investigación beneficiarios (CIMUS, CIQUS e CITIUS) é :

Conceptos	2019	2020	Total
5. Reforzo do programa de Centros de Investigación	188.053,00	125.369,00	313.422,00

iii. Máster Chemistry at the interface with Biology and Materials Science

O Convenio cofinanciará algunhas actuacións para a posta en marcha do Máster Universitario en Química na Fronteira coa Bioloxía e a Ciencia de Materiais (Master in Chemistry at the Interface with Biology and Materials Science; Msc ChemBioMat), que nace como título vinculado ao CIQUS asociado á súa especialización investigadora. Trátase dunha titulación que proporcionará unha formación interdisciplinar de excelencia que se impartirá integramente en inglés.

3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE APOIO Á I+D

Esta achega distribuirase:

3. ACCIÓNS TRANSVERSAIS DE APOIO Á I+D			
	2019	2020	Total
Congresos, reunións científicas e política lingüística	40.000,00	35.000,00	75.000,00
Axuda publicacións Q1 en aberto	35.000,00	35.000,00	70.000,00
Apoio BUGALICIA	36.000,00		36.000,00
Feiras Internacionais	4.000,00		4.000,00
Selo HRS4R	15.000,00	30.000,00	45.000,00
SUBTOTAL 3	130.000,00	100.000,00	230.000,00

i. Congresos, reunións científicas e accións de política lingüística

Liña de apoio e cofinanciamento das iniciativas colaborativas, de reunións científicas ou congresos con carácter internacional ou singular proxección promovidos e/ou organizados por investigadores da USC.

No referente as accións de política lingüística, no ano 2019 a USC vai por en marcha un novo recurso para alumnado de Grao e Bacharelato, adaptando o modelo existente en

universidades americanas ao noso sistema educativo, con material en galego e castelán nas cinco grandes áreas de coñecemento.

ii. Axuda publicacións Q1 en aberto

A finalidade desta acción contribúe a mellorar a presenza da Universidade nos rankings internacionais incentivando a publicación en aberto dos seus resultados de investigación nas máis prestixiosas publicacións.

Concretamente irán destinadas a financiar publicacións en aberto no Q1 das revistas científicas do JCR e doutras bases de datos de recursos bibliográficos electrónicos de referencia e tamén publicacións en Nature e Science.

iii. Apoio BUGALICIA

Esta acción ten por obxecto contribuír a sostenibilidade dos servizos de acceso bibliográfico que presta o Consorcio de Bibliotecas do SUG.

iv. Feiras internacionais

Liña de axudas pretende apoiar a participación das Oficinas de Relacións Internacionais nos principais eventos de promoción universitaria a nivel internacional.

v. Selo HRS4R

A implementación do USC HR Action Plan iniciouse a principios de 2017, unha vez obtido o recoñecemento do Selo Europeo HRS4R (Selo de Excelencia na Xestión de Recursos Humanos de Investigación). Financiaranse iniciativas que reforzarán os obxectivos do plan, tales como apoio técnico á Secretaría técnica HRS4R ou execución dos obxectivos do programa Mentoring.

4. FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL DA I+D EN MATEMÁTICAS

Esta achega distribuirase:

4. FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL DA I+D EN MATEMÁTICAS			
	2019	2020	Total
Apoio funcionamento do ITMATI	50.000,00		50.000,00
Definición estratéxica Centro en Matemáticas	20.000,00		20.000,00
SUBTOTAL 4	70.000,00		70.000,00

i. Apoio ao funcionamento do ITMATI (Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial)

A axuda irá destinada ao financiamento de actividades de consolidación da Unidade de Transferencia de Ciencia e da Tecnoloxía Matemática á Industria do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI).

ii. Definición estratéxica do Centro en Matemáticas

Accións destinadas á definición dun Centro Interuniversitario de Investigación en Matemáticas (neste momento a USC, en diálogo aberto coas Universidades de Vigo e da Coruña está traballando na súa definición). Desenvolveranse actividades de análise e definición conceptual do futuro centro, a elaboración dun plan de acción e a definición da súa axenda científica.

5. PROGRAMA DE APOIO Á REDE CRUSOE

Esta achega distribuirase:

5. PROGRAMA DE APOIO Á REDE CRUSOE			
	2019	2020	Total
Apoio á Secretaría Executiva Rede CRUSOE	75.000,00		75.000,00
SUBTOTAL 5	75.000,00		75.000,00

A Rede CRUSOE (Conferencia de Reitores das Universidades do Suroeste de Europa) constitúese como unha rede interdisciplinar, de carácter interrexional, que agrega as capacidades de Investigación e Desenvolvemento de 23 entidades de ensino superior cuxa adhesión ao proxecto coincide coa consolidación da estratexia macrorrexional do Suroeste Europeo (RESOE).

Esta acción apoia a consolidación da Rede CRUSOE impulsando a creación e actividade da Secretaría Técnica da Rede.

6. PROGRAMA DE APOIO A PROFESORES/INVESTIGADORES EMÉRITOS

Esta achega distribuirase:

6. PROGRAMA DE APOIO A PROFESORES/INVESTIGADORES EMÉRITOS			
	2019	2020	Total
Incentivación á participación accións difusión da USC	15.000,00	15.000,00	30.000,00
SUBTOTAL 6	15.000,00	15.000,00	30.000,00

Accións encamiñadas á participación do profesorado emérito na difusión da investigación e dos programas de grao e máster da USC. O obxectivo a acadar e transmitir á sociedade en xeral os resultados en investigación da USC así como a oferta de graos e máster que se ofertan.

7. IMPULSO AGRUPACIÓN DE INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES

Esta achega distribuirase:

7. IMPULSO AGRUPACIÓN INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS E HUMANIDADES			
	2019	2020	Total
Investigación e focalización	20.000,00	20.000,00	40.000,00
Posicionamento e visibilidade	20.000,00	20.000,00	40.000,00
Proxección Científica e Internacional	10.000,00	10.000,00	20.000,00
Proxecto GEOPARD (Dpto. Xeografía)	40.000,00	40.000,00	80.000,00
SUBTOTAL 7	90.000,00	90.000,00	180.000,00

Promoción e desenvolvemento dun conxunto de accións encamiñadas a identificar e organizar as capacidades de I+D en Ciencias Sociais e Humanidades da USC: investigación e focalización de capacidades; posicionamento e visibilidade da futura Agrupación; proxección científica internacional e desenvolvemento da plataforma de xestión de información patrimonial definida no proxecto GEOPARD.

8. COMPLEXO FONTÁN

Esta achega distribuirase:

8. COMPLEXO FONTÁN			
	2019	2020	Total
Programa complexo edificio FONTÁN	30.000,00	55.000,00	85.000,00
SUBTOTAL 8	30.000,00	55.000,00	85.000,00

Acción de consultoría experta a levar a cabo en 2019 e 2020, na implantación de estruturas científicas e técnicas do Consorcio Interuniversitario do SUG a instalar no futuro Edificio Fontán, identificando e definindo as necesidades de espazo e instalacións asociadas de cara a establecer a xestión e deseño dos espazos correspondentes.

9. ACCIÓN ESTRATÉGICA 1

Esta achega distribuirase:

9. ACCIÓN ESTRATÉGICA 1			
	2019	2020	Total
Identificación retos/oportunidades Campus Cidadanía	30.000,00	30.000,00	60.000,00
SUBTOTAL 9	30.000,00	30.000,00	60.000,00

Realización do previsto no Plan de acción ligado ao Plan Estratégico do Campus da Cidadanía (Campus de Especialización) que está orientado á identificación e planificación de Retos e Oportunidades nos ámbitos de actividade e produción científica dos Grupos asociados ao Campus.

10. ACCIÓN ESTRATÉGICA 2

Esta achega distribuirase:

10. ACCIÓN ESTRATÉGICA 2				
Campus de Lugo	2019		2020	Total
	Modelos simulación veterinaria	40.405,00	21.345,00	61.750,00
	Material experimentación animal	12.000,00		12.000,00
	Asesoría Campus Especialización	10.000,00		10.000,00
	Candidatura Work Programme 18/20	4.000,00		4.000,00
	XuvenCiencia 2019	15.000,00		15.000,00
	Achega Rof Codina	80.000,00		80.000,00
	Grao Robótica. Laboratorios	232.000,00		232.000,00
	SUBTOTAL 10		393.405,00	21.345,00

i. Modelos de simulación veterinaria

Facultade de Veterinaria (Campus de Lugo): adquisición de simulación de bovinos: manexo de partos e palpación do sistema reprodutor, repartidos nas anualidades 2019 e 2020.

ii. Material experimentación animal

Equipamento mínimo necesario para instalacións legalmente establecidas de animais e formación do persoal que realiza funcións de coidado, eutanasia e realización de procedementos con animais.

iii. Asesoría redacción Campus de Especialización

Elaboración de indicadores do Campus Terra pasado e a previsión de futuro dos mesmos, logo da convocatoria de Campus de Especialización da Xunta de Galicia, así como elaboración dunha Memoria coa previsión das necesidades do campus nos vindeiros anos.

iv. Candidatura Work Programme 2018-2020

A idea central deste proxecto é a promoción e aprendizaxe das ciencias a todos os niveis da sociedade baseándose no Camiño de Santiago como elemento de unión cultural da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e outras rexións. A achega económica irá destinada a contribuír ó financiamento da candidatura da USC nesta convocatoria (“Science with and for Society”, Horizon 2020 – Work programme 2018-2020) co proxecto “The Way of Science” xunto coa Universidade do Porto.

v. XuvenCiencia2019

Desenvolver o Campus de Verán XuvenCiencia2019, dirixido a alumnado 4º de ESO e Bacharelato, ofertando unha ampla gama de actividades (obradoiros, visitas, proxectos), que ten como obxectivo a divulgación da ciencia e da tecnoloxía na sociedade, especialmente entre o alumnado preuniversitario.

vi. Achega Rof Codina

Esta acción ten como finalidade completar a achega das cotas da USC á Fundación Rof Codina, tal e como quedou reollido na 46ª reunión do Padroado da Fundación celebrada o 8/11/2018.

vii. Grao Robótica. Laboratorios

Accións para adecuación de espazos para adaptalos ás necesidades específicas da titulación, así como a dotación de equipamentos especializados.

11. ACCIÓN ESTRATÉXICA 3

Esta achega distribuirase:

11. ACCIÓN ESTRATÉXICA 3			
	2019	2020	Total
Accións grao Biotecnoloxía. Laboratorio	60.000,00		60.000,00
Acondicionamento servizos comunidade universitaria	99.199,00		99.199,00
SUBTOTAL 11	159.199,00		159.199,00

i. Accións grao Biotecnoloxía. Laboratorio

Acción para implementar un laboratorio de Biotecnoloxía nas instalacións da Facultade de Bioloxía da USC para permitir a impartición de docencia práctica no no Grao de Biotecnoloxía. Comprende o acondicionamento eléctrico e de comunicacións do espazo habilitado e a instalación de mobiliario básico de laboratorio.

ii. Acondicionamento servizos comunidade universitaria

Nesta acción acometeranse melloras nas pistas de atletismo instaladas no Campus Vida da USC: estudo de necesidades de actuación no conxunto das pistas de atletismo; substitución xaula, círculos de lanzamento e traballos no foso de salto de lonxitude; estudo xeotécnico e melloras accesibilidade vestiarios.

TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de dous millóns oitocentos quince mil seiscientos cincuenta e oito mil euros (2.815.658,00 €) na anualidade 2019 e de un millón seiscientos noventa e cinco mil cento trece euros (1.695.113,00 €) na anualidade 2020; o que fai un importe total de catro millóns cincocentos dez mil setecentos setenta e un euros (4.510.771,00 €) con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0, código de proxecto (2016 00129).

ANUALIDADES	2019	2020	TOTAL
	2.815.658,00	1.695.113,00	4.510.771,00

Esta cantidade de 4.510.771,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen coa actividade obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, consultores, xestores..., así como a financiamento de becas.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; dotación de laboratorios.

- Material bibliográfico, cotas de fundacións, asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas. Elaboración de recursos multimedia.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, xornadas e reunións científicas.
- Axudas á organización de Congresos.
- Actividades formativas: cursos e talleres, bolsas de verán.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, software.
- Servizo de consultoría e asesoramento externo para estudos e actividades complementarias.
- Elaboración de proxectos de obras ou reformas e contratación das mesmas.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas tamén se poderán incluír aquelas inversións en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente

convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá desglosar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas neste Convenio (11), cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2019, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2020.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións de mellora de I+D+i estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario e concretándose na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

A tal fin asínanse convenios singulares coas outras universidades do SUG adaptados á realidade e necesidades de cada unha delas. Polo tanto, non é necesario promover a

concorrenza competitiva por tratarse dunha acción coordinada que inclúe a todos os posibles beneficiarios para o mesmo fin.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.

A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 de dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

(...)

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

(...)

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela